

Unidade 07. Describe un lugar

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Coñecemento da lingua

1. Le o texto seguinte e completa.

Cando eu tiña nove anos o noso can Persi faltou moitos días. Había tres meses que os meus pais o trouxeran da casa duns coñecidos.

A miña irmá e mais eu estabamos xa bastante encariñados con el,

así que cando marchou non esperamos nin dous minutos para comezar a buscalo. Primeiro por toda a casa e, logo, por todo o barrio, pero non aparecía por ningún sitio. Algúns días despois da

súa desaparición recibimos unha chamada dos coñecidos dos meus pais: Persi chegara había un día ao seu antigo fogar, botábao de menos.



POSESIVOS	NUMERAIS	INDEFINIDOS

2. Escribe oracións que leven as palabras propostas a continuación.

- Un pronome indefinido masculino plural.

- Un determinante numeral cardinal.

- Un determinante numeral ordinal.

- Un pronome posesivo primeira persoa plural.


- Un determinante posesivo terceira persoa singular.

Unidade 07. Describe un lugar

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Coñecemento da lingua

2. Escribe o que é cada debuxo.



Unidade 07. Describe un lugar

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Expresión escrita

3. Le a seguinte receita e contesta.

ENSALADA DE PASTA AO ESTILO GREGO

Ingredientes:

150 gr. de pasta corta do tipo lazos.

100 gr. de olivas de Kalamata.

150 gr. de queixo feta.

100 ml de salsa Tzatziki.

Unha bandexa de tomates cherri.


Aceite de oliva.

Sal e pementa.

Preparación:

Coce a pasta ata que estea no seu punto (*al dente*). Unha vez cocida, arrefría.

Resérva. Mestura nun recipiente a pasta ben fría coas olivas desosadas e picadas, o queixo feta cortado en dadíños, os tomates partidos pola metade e un chorriño de aceite de oliva. Mestura ben, sal e pementa e serve acompañado da salsa Tzatziki.



- Que ingredientes necesitamos para elaborar este prato?
- Que é o primeiro que temos que facer
- Ademais dos ingredientes e a preparación a receita ten algunha outra parte? Cal?

Unidade 07. Describe un lugar

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Técnicas de estudo

4. Fai un esquema do tema 8 da materia en galego que queiras.
